


## VII Concurso de Fotografía Matemática

A Asociación Galega do Profesorado de Matemática (AGAPEMA) da zona da Coruña convoca para alumnos e adultos o **VII Concurso de Fotografía Matemática** que se rexerá polas seguintes bases:

### BASES

1. Tema: **As Matemáticas**. Suxírese en particular o tema das **matemáticas e a auga**, xa que o lema para este ano é "Hydria-Matemáticas: Medindo as nosas pegadas".
2. Formatos: Mínimo 15 cm x 20 cm, máximo 20 cm x 30 cm.
3. As fotografías deben ser inéditas e deberán levar un título relacionado co seu contido matemático. Non se admitirán imaxes de montaxes, nin de manipulación dixital. **Deberá acreditarse por escrito a propiedade intelectual das imaxes presentadas.**
4. Poderán participar alumnos de colexios e institutos, públicos ou privados. Cada un poderá presentar un máximo de 3 fotografías. Tamén poderá concursar nun apartado propio calquera adulto, profesor ou non, interesado na fotografía matemática.
5. Haberá un premio en cada unha das categorías: Primaria, Secundaria, Postobrigatoria e un premio para Adultos. Os premios poderán ser declarados desertos.
6. A recepción de fotografías será ata o día **3 de maio de 2013**.
7. **O resultado do concurso fallarase o 11 de maio de 2013**, na Feira Matemática, e será publicado na páxina web da Feira Matemática ([feira.agapema.org](http://feira.agapema.org)).
8. **Os premios serán outorgados durante a celebración da VII Feira Matemática o día 11 de maio de 2013.** As fotografías estarán expostas durante a celebración desta feira.
9. O Xurado estará formado por membros de AGAPEMA. O fallo do Xurado será inapelable.
10. AGAPEMA resérvase o dereito de usar as fotografías premiadas para a promoción da súa labor na educación matemática por calquera medio visual ou informático.
11. As fotografías remitiranse nun sobre pechado a:

"VII Concurso de Fotografía Matemática"  
(A/a. de Enrique de la Torre)  
Facultade de Ciencias da Educación  
Campus de Elviña, s/n  
15071 - A Coruña
12. Cada sobre deberá conter:
  - A fotografía ou fotografías coas que se participa no concurso e nas que debe figurar, na súa parte posterior, o título e a categoría na que participa.



- Un sobre pechado para cada fotografía, contendo os datos do concursante na parte interior, e na súa parte exterior o título da fotografía así como a categoría na que participa.

13. AGAPEMA resérvase o dereito de editar as fotografías presentadas en calquera medio impreso ou informático.

14. As fotografías non premiadas poderán ser retiradas ao remate da VII Feira Matemática.

15. A participación no Concurso implica a aceptación das bases.

16. Datos que deben ser introducidos no sobre:

<b>Título da fotografía:</b>	
<b>Datos do autor</b>	
Nome:	NIF:
Apelidos:	
Categoría na que participa: <ul style="list-style-type: none"><li>• Adulto <input type="checkbox"/></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Alumno:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Primaria <input type="checkbox"/></li><li>○ Secundaria <input type="checkbox"/></li><li>○ Postobrigatoria <input type="checkbox"/></li></ul></li></ul>
<b>Enderezo particular</b>	
R/	Nº, piso, letra:
C.P.:	Localidade:
Teléfono:	Correo electrónico:
Declaro que son o autor/autora da fotografía que presento.	
Sinatura:	

### Datos do Centro (para os alumnos):

Curso que está realizando:		
Centro onde estuda:		
<b>Enderezo do Centro</b>		
R/	Nº	
C.P.:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:	